

## **Álvaro Santos demostra "o partidismo político" aplicado pola Xunta nos obradoiros, pois o 65% do criterios fixados nas bases son subxectivos**

**Coa orde publicada polo Executivo en decembro e que regula este plan, a puntuación total que se pode acadar é de 59 puntos, dos que 21 proceden dos criterios obxectivos e 38 dos subxectivos. "Está clarísimo, pois, como van a ser valoradas as solicitudes e a quen se lle van a conceder. O que lle interesa ó PP é repartir a tartiña"**

**Un dos criterios fundamentais para que un Concello sexa beneficiario é que este teña máis de 500 parados, xa que, de non ser así, de xeito individual non poden solicitar os obradoiros**

**Tendo en conta que a media de desempregados por municipio é de 408, o 87% dos Concellos da provincia que queiran optar a un obradoiro só lles queda a opción de unirse como mínimo a outros dous municipios, que, por riba, teñen que ser limítrofes; o que exclúe claramente ás 17 entidades locais gobernadas polo PSOE**

**Con este plan, a Xunta non só discrimina claramente ós colectivos con dificultades para a inserción laboral, como son as persoas maiores de 45 anos, as mulleres e os mozos, pois a orde non recolle ningunha valoración que teña en conta a este sector da poboación, senón que constata o grave recorte que leva facendo o Executivo en políticas de emprego dende 2009 -38 millóns de euros-. Mentras, a débeda, que este ano chegará ós 2.000 millóns, é constante**

O secretario de Política Municipal, Álvaro Santos, denunciou este mércores "o partidismo político" levado a cabo pola Xunta de Galicia nos obradoiros de emprego. Deste xeito, o socialista asegura que o 65% dos criterios que fixan as bases para a concesión destas axudas ós Concellos son de carácter subxectivo, mentres que tan só o 35% son obxectivo. "É dicir, pasada a fase de solicitude, sorprende a valoración. Dos 12 criterios totais, 5 pódense cualificar de obxectivos e o resto de subxectivos ou moi subxectivos". Así mesmo, tal e como explicou Santos, segundo a orde publicada polo Executivo galego en decembro e que regula as bases deste plan, a puntuación máxima que as entidades locais poden acadar é de 59 puntos, dos que 21 proceden dos criterios obxectivos e 38 dos subxectivos. "Está clarísimo, pois, como van a ser valoradas as solicitudes e a quen se lle van a conceder. Deixan a marxe suficiente para incluír a puntuación dende a subxectividade. O que lle interesa ó PP é repartir a tartiña", subraia.

A modo de exemplo, Álvaro Santos destacou que, criterios como "o carácter innovador do proxecto, a calidade e o número dos mesmos, con puntuacións cuantitativas e cualitativas, deixan claro que o PP deixou todo ben atado para que ata nin sequera se produzan empates".

### **Requisito dos 500 parados**

Segundo a orde publicada no Diario Oficial de Galicia, o fundamental para que un Concello resulte beneficiario pola iniciativa da Xunta é ter máis de 500 parados, polo que, se isto non é así, de xeito individual non se pode solicitar. "Isto afonda na brecha e na obsesión do Partido Popular de crear unha Galicia de dúas velocidades, pois é evidente que na maior parte dos Concellos de Lugo e Ourense non se chega a esta cifra". Proba delo, asegura, é que en Lugo hai máis de 27.300 parados, 7.000 máis dende que goberna o PP. A media por municipio é de 408. É dicir, dos 67 Concellos da provincia, só 9 superan o número de desempregados indicado, polo que os 59 restantes están por debaixo. Ante esta situación, o 87% dos Concellos que queiran optar a un obradoiro só lles queda a opción de unirse como mínimo a outros dous municipios; caso no que queda automaticamente anulado o requisito dos 500 parados.

Para o secretario de Política Municipal "é aquí onde está a parte máis escura deste plan e da verdadeira intencionalidade do PP: a través desa unión facilitar que se agrupen os Concellos do seu Partido, pois este unión ten que ser con entidades locais limítrofes". Deste xeito, asegura que os 24 Concellos que non gobernados polo PP parten nunha situación de desvantaxe para solicitar esta iniciativa "por este empeño da Xunta de Galicia".

### **Non para persoas con risco de inserción**

Por este motivo, Álvaro Santos matizou que o plan non só está deseñado para as cidades e non para os Concellos das provincias do interior, senón que discrimina claramente ós colectivos con dificultades para a inserción laboral, como son as persoas maiores de 45 anos, as mulleres e os mozos, pois a orde non recolle ningunha valoración que teña en conta a este sector da poboación.

### **O recorte da Xunta en cifras**

As bases reguladoras dos obradoiros de emprego, constatan, segundo afirmou o responsable de Política Municipal, "o grave recorte de políticas de emprego que o Sr. Feijóo leva facendo dende a súa chegada en 2009 ó poder; un recorte que está estreitamente vinculado a outros gastos como o aumento continuo do pago de débeda. Estamos falando de 38 millóns de euros de recorte das políticas de emprego en catro anos. Mentras, a débeda é constante. Este ano chegará ós 2.000 millóns". En contraposición a estas medidas, subliña, a xestión do goberno bipartito, que dedicaba á loita do paro 2.500 euros por desempregado, catro veces máis que o Partido Popular. Concretamente, o investimento do Goberno galego nesta materia tan só é de algo máis de 600 euros. "Isto sí, o paro segue aumentando".

### **Repulsa ó suceso de Cervo**

Alvaro Santos, aproveitou tamén a rolda de prensa, para expresar a repulsa "total e absoluta" ó suceso acontecido no día de onte. "O primeiro que temos que facer é manifestar a condena á violencia machista que provocou o trágico suceso de Cervo, no que resultaron falecidas dúas mulleres. O Partido Socialista xa fixo pública onte a súa repulsa a través das Redes Sociais e hoxe a executiva provincial estará representada na concentración, como non podía ser doutro xeito", concluíu.

15 de xaneiro de 2014

**Saúdos,  
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**